



Memoria de actividades para o 2017

A Asociación Cultural e musical Solfa, un ano máis, presenta a súa programación anual para o 2017. Como anos anteriores precisamos o apoio dos socios e socias para levar a cabo as actividades aquí programadas.

Día de Rosalía de Castro

19 de febreiro. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) promoveu, un ano máis, a conmemoración do *Día de Rosalía de Castro* o 24 de febreiro, aniversario do nacemento da autora. A nosa coral participará novamente nesta homenaxe poñendo voz a distintos poemas de Curros e Rosalía baixo a dirección de F. Tobar Cereijo. O acto central celebrarase o día 19 de febreiro, ás 12.00h no Panteón de Galegos Ilustres.

Entroido nas Fontiñas.

O Centro Sociocultural das Fontiñas organiza a súa II Comparsa do Entroido. Solfa colabora nesta programación cun concerto que dará comezo ás 18h. do venres, día 24 de febreiro coa súa coral, banda de música e pandeireteiras. Desfile, degustación de chocolate e moita festa haberá nesta cita.

9 de marzo. Coral de Solfa concerto homenaxe a Rosalía no Centro Sociocultural.

13 de maio. Coral de Solfa concerto en Moeche.

20 de maio. Concerto na praza das Praterías de Compostela da coral Lugh da cidade de Lugo. Despois da visita que fixemos á cidade de Lugo, os coralistas lucenses devólvennos a visita e deleitarannos cun repertorio de música galega e portuguesa e estarán acompañados da banda de música e coral de Solfa.

10 de xuño. Visita da coral da Póvoa de Varzim a Compostela.

Este ano visitaranos unha coral da Póvoa de Varzim. A visita incluírá un concerto na Praza das Praterías, no que participaremos coa coral e banda de música de Solfa.

26 de Xuño. Concerto da escola de música de Solfa.

No Centro Sociocultural das Fontiñas. Actuacións dos alumn@s de Solfa.

8 de Xullo. Concerto na Casa-museo de Manuel María, en Outeiro de Rei.

En colaboración coa Fundación Manuel María, organizaremos o IV convivio da cultura galega en Outeiro de Rei o día 8 de xullo.

Visita da coral de Solfa a Portugal. Estase a determinar a data da visita.

Xornadas culturais, charlas, conferencias sobre os nosos poetas máis representativos teñen cabida na nosa axenda cultural. Irémola desenvolvendo segundo a dispoñibilidade da directiva e membros da coral, banda de música e pandeireteiras de Solfa